




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Turismo de Galicia

Estrada Santiago-Noia, Km. 3 (A Barcia)  
15897-SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 542 500



## **Resolución do 1 de marzo de 2021 da Axencia Turismo de Galicia pola que se convoca o procedemento de concorrencia para a selección dunha entidade financeira colaboradora para a xestión da tarxeta Bono Turístico QuedamosenGalicia 2021.**

A Axencia Turismo de Galicia vai proceder á convocatoria da segunda edición do Bono Turístico QuedamosenGalicia co obxectivo de seguir colaborando e cooperando co sector turístico de Galicia, un dos máis afectados pola situación de emerxencia de saúde pública da pandemia COVID-19.

Esta segunda edición presenta novidades con respecto á primeira, xa que está dirixido a todas as persoas maiores de 18 anos, empadroadas en calquera dos municipios de Galicia, de acordo co que se estableza nas bases reguladoras.

A axuda farase efectiva a través da denominada tarxeta “Bono Turístico”, a cal só poderá ser utilizada en establecementos turísticos radicados en Galicia e adheridos ao programa.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia prevé a posibilidade de contar con entidades colaboradoras no procedemento de xestión de axudas públicas. Neste sentido o seu artigo 9 establece que será entidade colaboradora aquela que, actuando en nome e por conta do órgano concedente para todos os efectos relacionados coa subvención, entregue e distribúa os fondos públicos ás persoas beneficiarias cando así se estableza nunhas bases reguladoras, ou colabore na xestión da subvención sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos. Estes fondos en ningún caso se considerarán integrantes do seu patrimonio.

Igualmente establece no artigo 13.4 que cando as entidades colaboradoras sexan persoas suxeitas a dereito privado, seleccionaranse previamente mediante un procedemento sometido aos principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación e a colaboración formalizárase mediante convenio, salvo que polo obxecto da colaboración resulte de aplicación plena a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Tendo en conta que o obxecto da colaboración definido nesta resolución non supón, a cargo da Administración, unha contraprestación directa a favor da entidade colaboradora, o obxecto da colaboración pretendida non entra dentro dos obxectos propios regulados na Lei de contratos do sector público. Por iso, de acordo co citado artigo 13.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, resulta suficiente para a elección da entidade, a convocatoria e tramitación dun procedemento sometido aos principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación que se entende convocado por esta resolución.

**Primeiro.** Convócase procedemento para a selección da entidade financeira colaboradora para a xestión da axuda económica que se fará efectiva a través da tarxeta “Bono Turístico” e a entrega a través dela de fondos ás persoas beneficiarias da axuda, de acordo coas instrucións que proporcione a Axencia Turismo de Galicia de conformidade coas resolucións de concesión das mesmas .



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Turismo de Galicia

Estrada Santiago-Noia, Km. 3 (A Barcia)  
15897-SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 542 500

galicia

A entidade colaboradora actuará en nome e por conta do órgano concedente e unicamente aos efectos relacionados coa xestión desta axuda.

O modelo de solicitude de participación nesta convocatoria e o modelo de convenio que se subscribirá atópanse a disposición das persoas interesadas na web da Axencia de Turismo de Galicia <https://turismo.xunta.gal/>

**Segundo.** O obxecto da colaboración é a xestión da axuda económica a través da tarxeta Bono Turístico, que consiste na posta a disposición das persoas beneficiarias unha tarxeta prepago cargada cun máximo de 500 €, de acordo co que sexa establecido nas bases reguladoras da subvención. A dita tarxeta non poderá ser recargada nin ser utilizada máis alá da finalidade prevista na presente resolución salvo indicación expresa da Axencia Turismo de Galicia.

O importe da axuda farase efectivo nun único pagamento unha vez concedida.

Para estes efectos subscribirase o oportuno convenio de colaboración coa Axencia Turismo de Galicia conforme ao modelo tipo dispoñible na web da Axencia de Turismo de Galicia.

**Terceiro.** Poderán participar neste procedemento as entidades de carácter financeiro que teñan personalidade xurídica e plena capacidade de obrar e cumpran os seguintes requisitos:

- Ter oficinas comerciais abertas, cando menos, nos concellos de máis de 20.000 habitantes das catro provincias galegas
- Ter colaborado na xestión financeira da Xunta de Galicia nos últimos dous anos.

**Cuarto.** O prazo de duración da colaboración estenderase dende o momento da sinatura do correspondente convenio ata o 31 de decembro de 2021.

O devandito prazo poderá ser prorrogado de conformidade co disposto no artigo 23 da lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

**Quinto.** As obrigas da entidade colaboradora son as que se recollen a continuación:

- a) Ter habilitado o procedemento operativo para facer efectiva a axuda ás persoas beneficiarias o 1 de abril de 2021.
- b) Facilitar un soporte de tarxeta financeira interoperativa en calquera establecemento turístico adherido ao programa e que permita instrumentar os abonos da subvención.
- c) Permitir que todas as persoas que lle comuniquen a Axencia Turismo de Galicia sexan titulares das correspondentes tarxetas sen ningún requisito a maiores e con independencia de que sexan ou non clientes/as da entidade.
- d) Contemplar un deseño físico da tarxeta acorde cos requirimentos de imaxe que a Axencia Turismo de Galicia defina.



Xacobeo 2021





e) Habilitar a entrega de tarxetas e documentación aos beneficiarios ,coa gráfica e contido que esta última decida e respectando a orde indicada nos ficheiros de solicitude.

f) Permitir unha parametrización de establecementos/sectores de actividade nos que se admite a operatividade da tarxeta con independencia da entidade financeira coa que os establecementos comerciais teñan contratado o seu servizo de pagos.

g) Habilitar un sistema seguro de activación de tarxetas válido para todas as persoas beneficiarias da subvención, con máis dunha canle de acceso.

h) Habilitar unha pasarela de pagamento ou TPV Virtual de pagos por email que permita xestionar a achega das persoas solicitantes do bono turístico de forma segura e a distancia.

i) Facilitar canles que permitan ás persoas titulares da tarxeta acceder á consulta dos movementos e do saldo remanente nela en cada momento.

j) Habilitar á Axencia Turismo de Galicia para que esta poida recuperar os fondos residuais das tarxetas cando proceda en cumprimento das bases reguladoras da subvención.

k) As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais; e demais disposicións vixentes sobre a materia

Deberan manterse a xestión das bases de datos das persoas titulares das tarxetas á marxe das bases de datos da clientela da entidade financeira non podendo utilizalas para ningún fin distinto da propia administración e xestión da tarxeta

l) Cumprir cos requisitos e obrigas impostas pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, particularmente co disposto nos artigos 10 e 12, así como polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

**Sexta.** Non se establece remuneración económica ningunha a favor da entidade seleccionada. Non obstante, a entidade poderá cobrar en concepto de comisión por pagamento a través do TPV Virtual unha cantidade máxima de 0.40 % de cada operación, que será abonada pola Axencia de Turismo de Galicia.

**Sétima.** Os criterios obxectivos que servirán de base para a adxudicación deste procedemento de selección son os seguintes:

- Proposta técnica (ata 70 puntos): A proposta da entidade recollerase nun documento técnico que recolla coa amplitude e detalle precisos todos os elementos necesarios para a articulación da colaboración solicitada.





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Turismo de Galicia

Estrada Santiago- Noia, Km. 3 (A Barcia)  
15897-SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 542 500

galicia

- Memoria xustificativa (ata 30 puntos): Xustificación do número e cobertura das canles habilitadas para facilitar ás persoas usuarias tanto a utilización das súas tarxetas (con especial incidencia respecto do número de oficinas comerciais, caixeiros automáticos e TPV instalados, así como a súa distribución ao longo dos diferentes concellos galegos) como o acceso á información relativa a elas.

**Oitava.** As entidades de carácter financeiro interesadas en participar nesta concorrência deberán formular solicitude no prazo máximo de cinco días naturais que se contarán a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio na páxina web da Axencia Turismo de Galicia.

A solicitude axustarase ao modelo que se atopa na web e irá dirixida á Dirección da Axencia Turismo de Galicia. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, e irá acompañada da seguinte documentación:

-Escritura de constitución/modificación.

-Poderes acreditativos da representación da persoa que asina a solicitude de participación

-Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de entidade colaboradora do artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

-Certificación actualizada de estar ao corrente coas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

-Declaración responsable do cumprimento dos requisitos establecidos no apartado terceiro, sen prexuízo da súa verificación ou acreditación posterior.

-Proposta técnica, memoria e toda a documentación que a xuízo da entidade permita á Administración valorar a solicitude conforme aos criterios obxectivos fixados no apartado sétimo.

**Novena.** Finalizado o prazo de presentación de solicitudes o procedemento será instruído na Axencia Turismo de Galicia e resolto pola Directora da Axencia Turismo de Galicia.

Asinado eletronicamente en Santiago de Compostela

A directora da Axencia Turismo de Galicia

M<sup>a</sup> Nava Castro Domínguez

